

Elixio Rivas Quintas

## O ESCULTOR NICANOR CARBALLO (2)

Xa no Núm. 3 da revista Porta da Aira (1990), p. 235-248, falamos da obra deste escultor, nado en Tioira, Maceda, o ano 1932. Escultor por vocación, a súa aprendizaxe, coma aqueles nosos escultores medievais ou de cruceiros, carece de academia e de escola às que se deba. Comeza dende novo picando a pedra, e acaba labrándoa como ollaremos, e faguéndoa espresiva, dándolle vida co seu cincel.

Pasaron catorce anos e a súa obra non se ten detido, o que, coa intensidade que adoita adicarlle, pode, xa sen máis, supoñerse cánta ela será xa hoxe.

Non podemos seguila puntualmente, unha a unha, senón dar unha someira idea dela, mormente daquelas pezas máis sobranceiras, as que coído sobreparar os niveis ordinarios de arte. O seu bo faguer e dominio da materia están ben comprobados.

Agora còmpre termos en conta òs novos, que veñen detrás, por el aprendidos. Son os seus fillos, Pablo e Óscar, que non desmerecen do labor do mestre, o que amerita seguir o seu taller co mesmo dictado de “Escultor Carballo”, que os tres son sen desdecirse. Cando xa Nicanor Carballo se xubila por forza dos anos - aínda que non de todo-, é de xustiza recoñecer tamén a súa laboura. Como imos ollar, en moitas das obras hai a mau dos tres. Algunhas, pra que non haxa enganós, firmadas a pé de labra polo respectivo artífice. Tallas en gran número, realizadas por pai e fillos, con axuda dun fiel axudante de forza.

### 1- AS FONTES DO MOSTEIRO DE OSEIRA

É ben sabida a desfeita que aqueles avanzados progresistas do XIX, con Mendizábal à cabeza, fixeron no noso patrimonio artístico e cultural. Cos infolios da biblioteca de Oseira, botados polas fiestras abaixo, estiveron 15 anos acendendo o lume nas lareiras rurais. Noutros sitios, coma en Sobrado dos Monxes, A Coruña, levaron mesmo as pedras, coas que se fixeron estradas, servindo de macadán. De Oseira levaron tamén as súas fontes centradas nos dous claustros ou patios, dos pináculos e dos medallós, que tan ricamente se instalaron, respectivamente, na Alameda e na Praza dos Ferreiros, hoxe do Ferro, da cidade de Ourense.

Despois de máis de 150 anos, grazas à boa disposición das autoridades, foi posible a reparación, en parte, daquel monumental expolio. Facer copia exacta de ambas dúas e instala-las no seu lugar orixinario, mediante subvención dos detentores

das fontes primitivas. De ámbolos dous proxectos se encargou o escultor Nicanor Carballo; a primeira no ano 1995, a segunda no 1996, conseguíndose dúas axustadas réplicas, labradas con primor.

#### FORTE DO CLAUSTRO DE PINÁCULOS

É unha fonte sobria anque elegante, en que se foxe do adorno innecesario, dunha gran prestancia acadada mediante moldura e curva, lisas. De tres cuncas en diminución ascendente, acada os cinco metros de altura, pingando a auga dende o curuto apiñonado deica encorar no gran pilón de base.

A partir deste, érguese en cinco corpos.

É un amplo pilón, de pedra grá coma todo o conxunto, de abultado bordo lobulado, de catro lados cada un formado por curva e ángulos rectos, de 0.60 de alto. Do seu centro xorde un pè redondo, moldeado en número de tres por baquetón con catro esquinas, seguindo a pauta dita do pilón.

Sobre este pè, sube a coluna principal, coma de 1.60, de xeometría parecida à anterior, pero alongando as molduras, catro, que na base se abomban prominentes e no terzo superior se desenrolan en baquetón e escocia, coroándose de outro que fai de pè da gran cunca lisa, moi casqueira, cuio bordo segue as formas, curvas e ángulos, marcadas polo pilón. Acada 1.30 de lado máis ou menos. Abaixo do seu bordo liso, aparecen catro mofletudas caras, botando pola boca catro bos chorros de auga.

Do centro desta gran cunca xorde unha segunda coluna, semellante à anterior, pero menos prominentes as molduras, coroada á súa vez por outra cunca en todo semellante à primeira, pero de 0.65 máis ou menos cada lado, tamén con catro rostros de cuias bocas saen chorros de auga. E ven a terceira coluna, que tamén xorde do centro da cunca, parecida à anterior pero menos prominentes as molduras; sostén a terceira cunca, igualmente casqueira e de parellas formas, pero menor, coma de 0.40 de lado. A diferenza das anteriores, esta vai adornada o exterior con especie de macollas e 8 conchas abaixo do seu bordo de baquetón liso, polo que deborza a auga. Semella unha copa rexia, de fermosa estampa.

Do centro desta fermosa cunca menor sube o coroamento, tamén pedra, moi traballado, coma de 0.60 de alto. O seu pè, a modo de pucheiro tapado, leva catro venerábeis cabezas de rostro barbado, que pola boca botan cadanséu chorro menor de auga. Enriba segue un baquetón adornado e unha escocia dilatada que remata nunha piña, de cuio centro superior se ve fluir auga, que se derrama polo coroamento abaixo, caendo na cunca superior.

No coroamento está a única diferenza co orixinal na Alameda de Ourense, que é de ferro forxado..

## FONTE DO CLAUSTRO DE MEDALLÓS

Xa dixemos que imita a primitiva fonte que neste patio estivo, correndo a mesma sorte da anterior despois da exlaustración e desamortización de Mendizábal. Fálase dela en Porta da Aira, nº 8, p. 288. Do orixinal falou López Cuevillas, quen a data nos anos quinientos, vendo nela “elegancia renacentista, e moita, escura mitoloxía”.

Trátase dunha fonte de gran riqueza ornamental e abondoso motivo simbólico, incluso quizáis algo recargada. A outra supéraa en altura e elegancia.

Iníciase como é natural cun pilón onde se recolle a auga, de bordo lobulado, combinación de curva e recta, de 0.60 de profundidade. No seu centro, sobre base exagonal e dobre baquetón, asenta un pedestal redondo no que aparecen, en relevo, nereidas xunguidas entre si por guirlandas que, alternantes, collen su dos brazos de dúas en dúas. Semellan sair das augas do estanque todas a unha.

Trala separación de escocia e baquetón, érguese un esteo con pequeno pè redondo, abombado en dobre grosor invertido cara o seu medio que vai cinguido por unha corda. Tres cariátides en baixo relevo, coma un metro de altas, cúbreno, cos seus brazos en distinta postura, con lorza o seu vestido. O seu corpo acaba na parte inferior en moldura perpendicular; coa súa cabeza, de rizada cabeleira, sosteñen a gran cunca redonda que recolle a auga.

É unha cunca plana, de pouca profundidade, ricamente traballada por debaixo. Su do bordo vense catro cabezas de león, por cuia boca saen chorros de auga que de continuo caen ò pilón ou estanque. Do centro da cunca, que mide coma un metro de diámetro, xorde un esteo menor, coma de 0.50, que de costas cubren tres a modo de tenantes (en grego telamonói) de corpo enteiro, collidos con ámbalas maus a un lenzo que os cingue por debaixo da cintura, todo arredor. Coas súas cabezas sosteñen a base da cunca superior.

É esta unha cunca de 0.45, por debaixo labrada ò xeito clásico, de grácil bordo polo que a auga borza e pinga todo arredor na cunca mor, recollendo à súa vez a que esbara polo coronamento abaixo dende o curuto.

Este, o coroamento, está formado por dúas aguías enfestas, erguidas as cabezas que soportan unha coroa. Dos seus peteiros mana auga que maina baixa e cai à cunca superior. Na Praza do Ferro, na fonte orixinaria, estas aguías son de ferro fundido, aquí de pedra. Son aguías imperiais, tributo e lembranza do emperador Alfonso VII, cando se funda o mosteiro de Oseira na primeira metade do s. XII.

## 2- O APOSTOLADO DE TARRASA

É sen dúbida a obra escultórica dunha maior envergadura das saídas do taller “escultor Carballo”. Trátase da basílica de Sant Esperit de Tarrasa, construída a

finais do século XVI (1594), de gran pórtico-atrio cerrado, neogótico de 1917, cuia gran portada central albergóu, entre as estilizadas colunas das súas couselas, pesi-didos polo Salvador no parteluz, òs doce apóstoles. Eran estes do escultor barcelonés Josep Llimona (1926) máis ben estilizados.

Aqueles incultos, bárbaros iconoclastas de 1936, deron conta das estatuas nos primeiros días da contenda, reducíndoas a cachos antes de troca-la basílica nun garaxe.

Por suscripción popular, mediante unha comisión nomeada ò efecto, decídese despois de 60 anos, a súa restauración, con motivo da celebración do 4º centenario da construción da basílica. Acudiron de primeiras a un taller italiano especializado na materia, pero tardaba moito na realización e con alto prezo.

Souberon entón do taller do Nicanor Carballo, à vista da obra sempre exposta no Polígono Barreiros, á beira da anterior estrada de Madrid. A el se lle encarga a magna obra: o apostolado e a Majestat de Jesus, en 14.000.000 de pts., os doce apóstoles, a rematar en sete meses. O Salvador, ò ano seguinte.

Comezando a finais de outubro de 1995, a finais de maio de 1996 as estatuas dos doce apóstolos estaban rematadas. Para elo repartiron o traballo, o pai, Nicanor fixo cinco, Óscar catro, Pablo tres; cada un firma as súas ò pè das respectivas estatuas. Das antigas esculturas quedaban seis bocetos; os demáis houbo que crealos; un dos artistas é hábil deseñador. Ademáis, modelouse cada un dos apóstolos antes en arxila. Coa fina e plástica arxila de Valbón, denantes tan solicitada dos oleiros, à beira de Tioira.

Nada máis rematadas, houbo tempo de que os ourensáns as puidesen admirar, en Expourense, en torno a un artístico, alto cruceiro. Logo, acochadas en fina area da Antela, foron trasladadas a Tarrasa, onde chegaron de mañá o día 3 de xuño de 1996. Con gran espectación eran agardadas; comezando pola Comisión cidadá, grandes e pequenos, non lle perderon ollo, os doce alí tendidos na Plaça Vella de Terrassa. Entre o 3 e o 9 dese mes quedaron instaladas, cada unha na súa cousela ou nicho, co xeito e precisión de tantos anos aprendido, mediante o montacargas con aplicación ad hoc endeñada. Todo un espectáculo ante ducias de persoas.

A ámbolos dous lados da gran portada central hai oito couselas, catro de cada lado, apareadas dúas a dúas. No cabo do adro, a dereita e esquerda, catro nichos, tamén dous a dous. Couselas (cat. fornicules) con cadanseu doselete e pedestal octogonal. Aí quedaron asitiados, dous a dous, os doce apóstolos.

Faltaba o Salvador, A Majestat de Jesus,, que foi labrado o ano seguinte. Os terrasenses, cumprido o seu propósito, ficaron tan agradecidos, que a Comisión deulle òs tres escultores Carballo, pai e fillos, a medalla do 4º centenario da basílica. O Salvador instalouse su do doselete no parteluz, na primeira quinzada de 1997.

## CARACTERÍSTICAS DO APOSTOLADO E SALVADOR.

As trece esculturas talláronse en pedra grá semibranda de Ourense, todas con 1.80 de alto. Son de estilo románico, algo menos estilizadas cás desaparecidas de Josep Llimona. Forman un conxunto harmónico de gran equilibrio entre si, temperando o modernismo neogótico do pórtico en que asitian.

De expresión maxestática, serena, intemporal, non existe aceno ou sorriso que decline algunha forma de relación entre os doce. Cada un ocupa o seu posto de por si e polo que representa, todo seremidade unha vez terminada a súa actuación evanxelizadora, sen pretensión algunha de actualización indebida.

Cabezas clásicas de abondosa cabeleira, a barba plena, somente San Xoán se distingue, imberbe e co seu manto terzado ò xeito de filósofo grego. As túnicas e os mantos ou capas vesten òs persoaxes caendo con toda naturalidade, blondas e lorzas nada forzadas, sinxelas, sen ampulosidade algunha innecesaria. A roupaxe é gótica pola verticalidade lisa. Descalzos, cada apóstolo aparece co seu símbolo propio, identificador, na forma acostumada e sen innovación algunha.

San Pedro, de barba curta e calvicie inicial, porta unha chave na dereita, mentres que coa esquerda ampara o manto que dese brazo lle decolga.

Apar de San Pedro, seu irmáu Santo André, de cabeleira plena, bipartida. Leva na esquerda unha cruz en aspa aconchegada ò peito; na dereita, un libro.

San Paulo, agregado ò apostolado por elección extraordinaria, con túnica terzada à grega sobre do ombreiro esquerdo, acada con ámbalas maus a empuñadura da longa espada, que baixa vertical deica apoiar, centrada, nos seus pès.

San Xoán, como acostuma aparecer, de aspecto máis novo, lampiño pero con longa guedelleira caída por àmbolos ombreiros. Leva na esquerda unha copa grande, na que quixeron darlle ponzoña; coa dereita soergue o manto que lle arrastra.

À beira do anterior, en cousela apareada, o seu irmáu Santiago, que agarra coa dereita un longo e rexo caiado, do que dependura contra a parte superior, a cabaza de peregrino.

Santo Tomé agarra coa dereita a lanza coa que morre traspasado, e coa esquerda abrangue o manto recollido.

Santiago, primeiro bispo de Xerusalén, morto a golpes, leva un groso pau na mau dereita; na esquerda un libro.

San Xudas Tadeu, que hai quen di irmáu de Santiago o Menor, agarra coa mau unha alabarda, coa que se di foi martirizado.

San Simón, recollendo coa esquerda a punta do seu manto, alto no peito, abrangue coa dereita, tendida, unha serra podadeira, instrumento co que foi seu corpo serrado polo medio.

San Felipe agarra coa dereita unha cruz latina de longa aste vertical, alta deica o seu ombreiro, e coa esquerda alza o manto recollido

San Bartoloméu, que sufréu martirio sendo esfolado en carne viva cun coitelo, recolle coa mau esquerda o coiro ensanguentado, ò peito aconchegado.

San Matéu, apóstolo e evanxalista, sostén o libro do primeiro Evanxeo, que colle con ámbalas dúas maus, e a pluma.

Por fin, presidindo o colexio apostólico, érguese o Salvador sobre pequeno esteo adosado ò parteluz, sostendo coa esquerda o globo que ò mundo representa, e coa mau dereita en ademán de abenzoar. De aspecto xove pero venerábel, barbado e con cabeleira nazarena, o seu rostro amosa à vez maxestade, serenidade e dozura..

### 3- SINALANDO O CAMIÑO DE SANTIAGO

A ruta de peregrinación cara o sartego do apóstolo Santiago en Compostela, dende a parte meridional de España, chamada no seu conxunto impropriamente “Vía de la Plata”, con máis xusteza Camiño Mozárabe por seren eles os que en situación apurada se viron forzados a usar del, houbo de ser todo el recuperado.

Polo 1990, cando a peregrinación se volve repoñer, grandes treitos do camiño, moitos e longos espazos, estaban cegos, imposibeis de practicar. Despois de anos de traballos, logramos deixalo suficientemente expedito para por el chegar a destino. Foi entón cando, o que fomos marcando con flechas amarelas, se puido, mediante axuda da administración ourensá, sinalar con fitos de pedra sobranceiros e permanentes.

Démoslle a Nicanor Carballo dous deseños, e daí xurdiron máis de cen fitos senlleiros sinalando ò peregrino a ruta a seguir dende Lubián en Zamora, As Frieiras, todo ò traveso da Serra Seca, Porto Camba, Laza, Monte Talariño, A Limia, A Rabeda, Ourense, cara Cea e Oseira, e deica cubrir todo o que abrangue na provincia.

Son blocos informes ou resíos de traballos xa realizados, nos que a mesma forma ò azar producida esperta na imaxinación do escultor a combinación da grabura, repentizada. Se algo caracteriza a Nicanor Carballo é a creatividade que sen parar endaña e imaxina.

En ningunha sinal falta a flecha e as doce estrelas da Unión Europea -antes na coroa da Virxe Milagrosa en que se inspiraron, cousa que poucos saben-, pero, asegún conveña, engádesa a vieira, a cabaza, o bordón ... A miudo, naquelas pedras máis espigadas, abaixo o corpo co bordón a dobre, vemos indicada a cabeza do peregrino co seu chambergo enfeito.

### 4- ESCULTURAS NOS MILAGRES

Estabamos en vísperas da canonización do beato Xoán Gabriel Perboyre. Lémbrome que era un sábado de adoración nocturna, cando delo se enteróu. De

pronto díxome que lle prestase un modelo, sen que ninguén máis o soubese. O sábado seguinte, xa anoitecido, deixou a gran escultura arrimada à parede como se ve na ilustración, á beira da portada. O domingo, 2 de xuño de 1996, día da súa canonización, bendeciuse a imaxe do novo santo, que dende entón preside o xardín máis próximo ò santuario:

En pedra semibranda do país, trátase dunha vigorosa escultura, vestido à usanza china, rapado e con longa trenza o pelo pola covatiña da cabeza. Morréu amarrado a unha cruz, a garrote vil así aforcado. Así aparece, exánime, coa súa cabeza plácidamente inclinada cara abaixo.

San Xoán Gabriel Perboyre, mártir paúl en China, o primeiro canonizado. Nado nun pequeno pobo rural do centro de Francia o 6 de xaneiro de 1802, chega a China coma misionero en 1836, en zonas moi difíceis. Preso en 1839, sofre cárceres e torturas deica o 11 de novembro de 1840 en que morre en cruz coma o seu divino Mestre. Tiña 38 anos.

Curiosamente, existe en Santiago un óleo de 1890, de José Garabal Louzao, que se pode ollar a todo color reproducido na Gran Enciclopedia Gallega (s.v. Garabal), no que aparece o santo, morto en cruz, coa lenda: MARTIR EN CHINA. Estivo no Hospital Real de Santiago e hoxe pertence a unha familia particular.

Este pintor, que coido ter realizado outro cadro igual en Santiago, inspírase sen dúbida nun existente na Basílica da Milagrosa en Madrid, quizáis do H° Yébenes, paúl, co que acaso Garabal asistise à Real Academia de Belas Artes de Madrid.

O mesmo escultor Carballo, esta vez solicitado, fai o ano 1202 catro fontañas artísticas na súa sinxeleza; dúas a cada lado do arco trunfal de entrada a esplanada interior, pola parte de dentro, e outras dúas detrás do santuario, a entrámbolos lados da escalinata e arco do adro. Son fontes macizas, de pedra arrubiada, de pequeno pedestal con pía sobreposta e pequeno frontociño detrás..Todo tallado de forma sinxela, reproducindo fielmente o barroco de placas do santuario.

## 5- ESCULTURAS EN S. MIGUEL DE DUEÑAS

Son esculturas de San Benito e San Bernardo, do ano 1998 e do 2001, neste mosteiro de monxas do Cistel. No primeiro ano púxéronse na fachada estatuas dun e doutro santo, ámbolos dous todo en pedra de Barra de Miño, en cadanseu nicho ou cousela. No ano 2001, puxéronse tamén ámbolos dous santos dentro do mosteiro, no primeiro patín da escalinata, labradas na mesma pedra pero con báculo de metal, sempre con libro. na outra mau

As esculturas do exterior son robustas, de hábito con máis amplas lorzás; rexa escultura, con hábito monacal de amplas mangas colgantes. Pode apreжаться ben na súa representación, cando a imaxe se izaba ò seu lugar. As do interior, máis estilizadas, érguense coma 1.80 de altura.

## 6- OUTRAS ESCULTURAS (no taller)

Entre outras varias, traemos aqui unha escultura de San Xosé de tamaño natural alto, feita en pedra do país semibranda. O Neno Xesús no colo no brazo esquerdo de San Xosé, aparece con placidez dormido; inclinada a súa cabeciña que se agarima à cara do santo. Este, à súa vez, deita suavemente a cara sobre a cabeciña do neno. Leva na derreita o lirio. É unha das boas tallas de San Xosé que ver se poida.

## SANTO ANTÓN DE LISBOA

Labrado en pedra grá do país, é unha talla de tipo natural alto, máis ben estilizado. O Santo ten aspecto xuvenil, e o Neno Xesús, que lle bota as mauciñas ò colo, está de pè -cousa desacostumada, sobre un libro que o Santo Antón sostén con ámbalas dúas maus, servíndolle de pedestal. Contra o brazo dereito do santo está arrimado un lirio.

## A VIRXE CO NENO

É un busto en baixorelevo sobre placa de pedra de fino grau. A Virxe María agarima ò Neno Xesús con delicadeza maternal. Todo está fina e delicadamente tratado aquí; a expresión dos rostros, brazos e perniñas do Neno, a cabeleira en suaves blondas, mantela e vestido da Virxe María en acordes lorzas, as súas finas maus e estilizados dedos... Todo tende aquí ò circular, en torno o divino Neno. Feroso baixorrelevo, do que ten outra versión na eirexa da Lamela, à beira de Ourense..

## MARÍA PITA

Placa de pedra grá con pedestal, con altorrelevo representando à musculosa heroína do sitio da Coruña contra os ingleses, en ademán de descarga-lo seu machete en alto, con toda a forza. Na esquerda empuña a bandeira; detrás apréza-se un cañón. Vestido e demáis están sumariamente tratados, de forma elemental, sen detalle algún. É xustamente a antítese da labra anterior. Unha muller de aspecto bronco e viril. Vese ben o que imita pola placa en bronce do pedestal:

María Pita  
Diseño de Galos  
Escultor Carballo



## 7- GRAN MONUMENTO EN MONTALEGRE

É o seu título: “Encarnación, Morte e Resurrección de Xesús”.. Acada máis de tres metros de altura, alto xa el sobre escalinata de 17 esqueiros e mesa-pedestal, en pedra grá branca de fino grao. As figuras están labradas en alto relevo, sobre tres grosas, grande placas de perfil crebado irregular. Pero o máis notábel é a concepción do tema. A Encarnación: a Virxe co Neno Xesus arroupado no colo, está amouchada à esquerda do panel inferior, asitiando sobre o pedestal.

Cara a dereita, no centro do espazo libre, ábrese unha porta, un oco de 0.80 de alto, redondeado nos lados menores, a que corresponde efectivamente unha porta de pedra arrimada à beira, deixando a metade do oco sen cubrir; aberta ò interior, representa a Resurrección de Cristo. Esta ‘porta’ é a tampa do sartego en que estivo, e ò resucitar vese ‘removida’ do seu sitio.

Alto sobre o ‘sartego’, ocupando gran parte da placa ou panel medio e parte do superior, aparece Cristo cos brazos abertos e cara o ceo, xa trunfador da morte. É unha resurrección que algo ten xa de ascensión. Detrás del insinúase o largueiro vertical da cruz, cuio cabo inferior baixa dos seus pès, non así o superior, oculto; o traveseiro vese por ámbolos dous cabos, máis abaixo còs brazos. Por detrás de Cristo, da conexión dos brazos da cruz saen dous grosos raios de luz, descendentes. Sobrancea esta figura polo equilibrio e harmonía nas formas; sobresaí o conxunto polo suxeridor que resulta.

Sen dúbida aquí endeñóu o xenio imaxinativo do colabourador en “Peine del Viento” de Chillida, coma unha interrogante en qué meditar.

Do Padre eterno nacido,  
nace na carne a Palabra,  
connosco na vida e a morte,  
unha morte ensanguentada.

A nai de Xesús medita,  
álzase a cruz que a traspasa;  
álzase a pedra que o enterra  
e Cristo trunfante se alza.

¿Qué é o que ves de camiño,  
ouh María abandonada?  
Vexo ò meu Señor glorioso,  
que trunfante se levanta.

Este muimento é do ano 2000. Está ubicado cerca de Montalegre no Barroso portugués, na freiguesía da Châ, coma a 4 kms. pola estrada de Braga, à esquerda. Está nunha encrucillada à que ven dar o Camiño de Santiago, de paso cara Xinzo de Limia, Allariz e A Rabeda, onde, en Pereiras, se xuntará co camiño do Sur, o Camiño Mozárabe..

#### 8-. A DIVINA PASTORA

É no Alto do Foxo, a 1184 metros de altura; unha pequena achanzada entre Castrelo do Val e Campo Becerros, onde canta a auga e os pastores de sempre se encontraron xogando á cocha e à billarda, mentres a facenda tranquila pastaba. O lugar merecía ser promocionado e arrequecido coma fito senlleiro. Perto está Fontefría de Pena Nofre, abaixo, a 4 kms., Campos, e de paso os que pola estrada cruzan. O Alto do Foxo é punto xeodésico onde as augas vertentes se dividen; cara o Norte ò río Camba que tras moito revolveirse arredor das serras, ò Miño vai verter. Cara o sur, o río Támega, que en longa andaina, por Portugal se vai, engrosando o río Douro. O lugar era escollido, e os promotores, mediante axuda da Unión Europea, aquí instalaron área recreativa de acollida completa, con ermida, fonte e estanque de nidias augas cristalinas. Presidindo todo na chanzada, unha ermida e o grupo da Divina Pastora.

No mes de febreiro do 2003, Esculturas Carballo instalóu aquí a Divina Pastora. Un grupo de 1.80 metros de altura, coma de 4.000 kilos de peso, labrado en pedra silvestre do país.

Está no medio do estanque, pedestal e mesa de pedra grá en que se senta Nosa Señora co Neno Xesús no colo, amparado pola súa dereita. Coa esquerda acolle a unha ovelliña que, mansa, se ergue sobre da mesma, e o seu fociño estira coma pedindo afalala. O Neno, polo seu canto, está ò seu, que é o añaño, que materialmente de pè sobre o pedestal, se estira deica lle lambe-los dedeiros.

Dentro da ermida hai un esteo, especie de tenante que sostén o sagrario, cuio capitel está formado por tres bustos, os promotores da fermosa iniciativa

#### 9- BAIXO RELEVO EN BAÑOS DE MOLGAS

Molgas, antiga \*Aguas Mólicas, é lugar senlleiro na Via Nova ou Via XVIII romana de Braga a Astorga, a principal do Noroeste cara Roma, estación viaria Aquis Salientibus, tan importante para os romanos por ser estación termal. E ren non tiña que o lembrase, cando outros, con méritos quizáis finxidos, onde el vai que se inventaron o seu blasón de honra.

Chegóulle o tempo, e òs rexedores en boa hora se lle ocorrúu o subsana-la falta. O escultor foi Carballo, que en branca pedra grà suave, nunha lousa, representa en

baixo relevo, un daqueles lexionarios romanos de clámide e clípeo, que outrora por esta vrea treparon. A forma é suxeridora, en media lúa. O decrecente atuga nunha base-plinto tamén de pedra, collida a idea do canivete dos oleiros de Tioira, co seu burato en que fixa-lo dedo e axudar a modelar a arxila de Valbón.

A lúa era para os antigos símbolo de intuición, imaxinación, aquí de fondo quizáis sen querer plasmada. Porque esta Vía Romana, pasando de Aquis Salientibus, onde delo hai de abondo resíos -alas de aguias de bronce, pedra miliaria, villa ...-, atravesando o río por Portu Galego e Fonte Cooperta, vai precisamente a Tioira, onde tamén está ben testemuñada con 3 pedras miliarias. E alí son os oleiros, que moldean o barro sen máis armas ca un canivete. .

#### 10- PROXECTO AÍNDA SEN REALIZAR

Xa dende o 1998, dende que con Eligio Rivas comeza a andar polo Camiño Mozárabe, polas Portelas, alberga no seu maxín o proxecto dun gran muimento a Santiago Peregrino no Alto da Canda, à beira da Portela. No lugar máis alto donde, cara o pordosol se domina coa ollada a Terra das Frieiras, e revólvendose ò leste, a Portela do Padornelo cara Sanabria.

Sería de 15 metros de alto, con esqueira de caracol deica os pès do Apóstolo, polas que rubir os peregrinos, facendo un alto no camiño.

É no monte, a escasos metros sobre o Camiño, onde estreman as Terras de Ourense das de Zamora en Sanabria, sobre os tuneis da Canda. Ben perto, ergueuse nestes tres ou catro derradeiros anos, un completo parque eólico, xa en pleno rendimento.









